


NOS SOMOS INSISTENTE CUIDAMOS O PLANETA

Entre todos podemos fazer que sempre seja primavera!!!



Ceip Condessa de fenosa

¡CHEGOU A PRIMAVERA!

**Chegou o papá
e tomou café.**

**Chegou a primavera
¡Xa nada é o que era!**

**Xuntos no xardín
brincaron sen fin.**

**A miña curmá
saíu coller flores,
de moitas cores.**

(1º B)

**O meu papá
tombouse ao sol,
ao carón dun xirasol.**



**A mamá do Andrés,
tomou tres cuncas de té.**

(Verónica.- 5 anos)

**As flores son tan preciosas que nelas pousanse as bolboretas.
Tamén os animais están contentos, corren e voan polos
prados cheos de flores que saen nas lindas árbores.
Gústame a lúa porque na primavera brilla máis, e tamén as
estrelas que moito nos gusta mirar**

.Lidia de Pedro – 2º A



(Alicia.- 3 anos)

Vén a primavera

*Xa ven a primavera.
Saen as bolboretas,
so queren voar
e non traballar.
Florece as árbores e as flores,
as nubes alegran ás persoas.
Tamén alegran ás plantas e aos
animais.
a xente está alegre
porque o verán , pronto chegará.
Xa ven a primavera.
O reloxoponse tolo
cambia o tempo e
os nenos saímos ao campo.
Tamén imos ao parque a xogar.
Xa ven a primavera.*

(Andrea – 2º A)



(Alicia.- 3 anos)

*Miro os paxaros que se pousan
na miña ventá.*

O sol é moi amarelo.

*Tamén miro as flores
que florecen no meu xardín.*

Eu cóidoas con moito cariño.

¿Xa chegou a primavera?

A auga do río baixa con presa.

O río canta.

Nós cantamos tamén.

Quenta o sol,

*o meu can leva unha sombría,
e a min dáme a risa.*

¿Xa chegou a primavera?

(Pablo – 2º A)



(Hugo.- 3 anos)

PRIMAVERA DOS SENTIDOS

Xa chegou a primavera...

xa olen as flores

que cobren os campos.

Xa ole o aire

Que respiran todos.

Xa ole a herba

Ole a verde, verde.

Xa ole a auga

que vai polo río

xa ole o sol

que nos da calor.

Xa ole a terra

Ole a frescor...

Volven os paxaros

que fan os seus niños,

poñen os seus ovos

e saen os paxariños.

Vense as bolboretas

Que voan e voan

E fan piruetas...

Pastan as ovellas

sen facer ruído,

voan as abellas,

óese o zunido.

Xa se oe o pío, pío

de tódolos paxaros

os berros dos nenos

no parque, no campo.

Xa sabe a cereixas

Xa sabe a amorodos

Xa sabe a xeados

por todos desexados.

Sentimos o aire

sentimos a cor

sentimos o vento

tocamos a chuvia.

Tocamos a terra

tamén a color.

Ela xa chegou

ela xa está aquí,

É a primavera

que nos fai sentir.

(1º B)



Mar.- 3 anos)

Na primavera hai poucas nubes.

Na primavera hai moita luz,

fai un bo día,

As violetas e as rosas florecen.

O ceo está azul.

*O paxaro canta
aos raios do sol.*

*E moito presta
cando o sol nos quenta.*

A lúa é de cristal,

O mundo é de cristal.

As árbores presumen.

Na primavera hai moita luz.

(Bea V..- 2º B)



(Debora.- 4 anos))

O QUE NÓS PENSAMOS

A natureza

non pode ir peor,

moito fume,

e mal olor.

As plantas morrendo,

os animais cazados,

os montes queimados...

¡Que mal o están pasando!

O papel no chan,

¡Que mal está!

Os insectos voando,

¡Están escapando!

Nós, as catro pensamos

Que isto está fatal

¡Axuda á Terra,

que se encontra mal!

(Cristina, Raquel,

Sabela, Andrea.- 4º) *de ouro gracioso.*

A nube chora,

o seu corazón rompe.

Un paxaro cántalle unha

canción,

unha árbore toca o violín.

Mentras no ceo,

a lúa e as estrelas

celebran San Valentín.

(Ania 2º B)



Flor violeta,

sorriso silencioso,

chega a primavera,

Tatiana - 2º B)

Fai un bo día,
o ceo está azul,
os paxaros cantan,
non hai nubes.
O sol alumea,
as violetas florecen.
As rosas tamén.
As nubes están brancas,

case non chove.
As bolboretas voan.
Podes ir de merenda
e mirar as flores
entre sorrisos
e facer amigos.
Será moi divertido
xogar na primavera.

(María – 2º B)



(María.- 4 anos)

*Querida natureza,
es unha beleza.
As flores xogan ao teu arredor,
mentres que ti brincas co sol.
Nas montañas verdes,
ten que haber céspedes.*

*O vento xoga coas follas,
mais tamén voa coas pombas.
O ceo ten cor,
e tamén moito amor.
As rosas fermosas, teñen cor
rosa*

(Zaira, Sara 4º A)

O DOUTOR LIXATODO

Había unha vez un bosque de árbores enormes, con troncos moi grosos. Destacaba un que falaba con voz de vento. Cando entrabas alí, había tanto silencio que podías escoitar o teu corazón.

Un día apareceu o doutor Lixatodo e tirou aceite por todo o bosque. No río tirou bolsas e latas. ¡Foi unha traxedia!

O Equipo Verde do pobo xuntouse para buscar unha solución . Decidiron pedir axuda e limpar todo antes de que fora tarde. Cando remataron faláron co doutor Lixatodo:

— ¡Non contamines máis! É moi perigoso destruír a natureza. Sen ela non poderíamos vivir. Nin os animais, nin as plantas. O lixo ten que ir nos colectores.

Esta vez gañou o Equipo Verde.

¡Todos os nenos do mundo podemos ser do Equipo Verde!

(Pablo - 4º B)



(Sabela.- 3 anos)

O NOSO PIÑEIRAL

Hai máis de 50 anos os meus avós plantaron un piñeiral. Tódolos días, o meu avó ía ata alí e contemplaba como os piñeiros medraban. Soñaba con que un día foran os seus netos quen coidaran os piñeiros.

Durante moito tempo traballou moi duro para mantelos limpos, sen herbas, sen lixo. Podábaos unha vez ao ano e quitáballes as “gatas”, que son pequenos vermes que fan secar os piñeiros.

Tódolos veráns, meu avó cavaba un suco arredor do piñeiral para protexelo do lume. Nas noites de calor rezaba para non oír as campás anunciando o lume.

O piñeiral era a casa de moitos animais: esquíos, coellos, paxaros, mouchos e algún que outro gabián.

A xente do pobo ía merendar moitas tardes, gustáballes o aire san que se respiraba alí.

Cando meu avó morreu, miña avoa, miña nai e meu tío fixeron o mesmo.

Hai quince anos un descoñecido púxose a queimar papeis preto do piñeiral e provocou un incendio. Aquela noite foi trágica, miña avoa, miña nai, meu tío e algúns veciños con ramas nas mans, con area e cos pés, pisando as brasas loitaron contra o lume. Cando chegaron os bombeiros xa arderan moitos piñeiros.

Esa noite miña nai chorou de rabia e impotencia.

Eu non quero ter nunca esa sensación.

¡Coidemos a natureza!

María de Sousa.-3º A

A CASA DE DON CHORÓN

Hai tempo cando os nosos avós eran pequenos, contan que existía o bosque máis grande que poidamos imaxinar.

Había millóns de árbores de todas clases e tamaños nos que vivían centos de paxaros preciosos. Tamén había bolboretas de todas as cores e outros animais que se alimentaban dos seus froitos.

Un día, dous homes que viñeron visitar Arboremillóns e quedaron abraiados.

Era un país só de árbores, árbores e máis árbores; pero había unha que lle chamou moito a atención. Aquela árbore estaba chorando. Preguntáronlle:

- ¿Qué che pasa?

-Pois que as miñas pólas ao ser tan longas e máxicas, dixéronme que uns homes van cortar todo o bosque de Arboremillóns. Desde entón non podo deixar de chorar coa tristura.

-Iso é terrible -dixeron á vez— ¡co ben que se está aquí! Nunca vira tantas flores distintas, nin tantas cores.

-E o peor é que logo non van plantar outros.

E tiñan razón.

Anos despois Arboremillóns deixou de ser un bosque e agora é unha vila chea de fumes, ruídos e xente que vai dun sitio para outro, sempre con presa.

(Beatriz - 4º B)



AS TRES AMIGAS

Era un día plácido de verán e a señora Mariposa saíu dar un paseo. Encontrouse coa súa amiga Flor e puxéronse a falar de por que os humanos contaminan a natureza. Despois Mariposa foise para a súa casa, que era unha árbore oca por dentro pero cando chegou, non estaba. Uns homes cortaran a árbore. Foi voando xunto a Flor a contarllo pero ela tampouco estaba, nin as súas veciñas. Sentiuse mal, voou sen rumbo ata que moi cansa, pousouse nunha mimosa.

— ¿Qué é? ¿Qué che pasa? - preguntou Mimosa.

— Os homes están estragando o campo no que viviamos eu e máis as miñas amigas. Non sei onde ir. ¡A miña casa! Suspirou Mariposa.

Unha avés que comía preto delas díxolle:

— Eso é o que me pasou a min. A miña árbore era grande e frondosa pero cortárona igual.

— E agora... ¿onde imos? Ningunha das dúas ten casa - lamentouse Mariposa.

— Eu teño unha amiga, chámase Moriña e ten a súa casa nun campo enorme, cheo de vexetación. ¿Por qué non imos? Vive lonxe, do outro lado do río. Teremos que pasar polos soutos que arderon o verán pasado pero podémolo intentar.

Despois dunha longa viaxe chegaron á casa de Moriña. Ían cansas, sen folgos e cheas de cinza.

—Ola mouriña! Saudou Avespa, case sen voz.

—Ola amigas! Que foi? Que vos pasou?

Contáronllo todo, como se fixeron amigas, como se quedaron sin casa e preguntáronlle se podían quedarse alí.

—¡Claro que podedes! Pero isto non está moi limpo. Os da cidade veñen pasar aquí as tardes e deixan o lixo espallado. Xa case non se pode beber a auga, cheira e senta mal.

—Grazas! - agradeceron Mariposa e Avespa - Quedamos aquí e faremosche compañía un tempo. Non temos forzas para buscar outro campo.

—Pode que os homes se dean conta de que están agochando esta beleza e de que están estragando a Terra, que tamén e a súa casa.

— Claro que si! - exclamaron as tres ao mesmo tempo— Os homes son moi intelixentes, van limpar e todos gozaremos máis.


Cristina Malvesada - 4º B

O QUENTAMENTO GLOBAL

O quentamento global é un cambio da temperatura da atmosfera terrestre e dos océanos. Isto quere dicir que a temperatura se eleva dende finais do século XIX, debido sobre todo ao home, principalmente pola contaminación do dióxido de carbono.

As temperaturas seguirán subindo no futuro se se segue contaminando con estes gases, chamados gases de efecto invernadoiro.

O efecto invernadoiro evita que a calor do sol deixe a atmosfera e volva ó espacio, isto fai que a superficie da Terra se quente. Hai unha gran cantidade de gases de efecto invernadoiro que fai que se quente a Terra, como a queima de combustibles fósiles, e o mal uso do gas ozono. O ozono é unha capa de Aire que filtra os raios ultravioletas procedentes do sol e prexudiciais para os seres vivos. O mal uso do gas ozono en xermicidas, aerosoles... fai que aumente o furado a capa de ozono.



(Marcos, Jorge.- 6º B)

A contaminación é un dos factores máis preocupantes que favorece o quentamento global. A contaminación clasifícase segundo os medios nos que se atopa. Estes son:

O chan.

O Aire.

A auga.

A contaminación pólo chan é debida principalmente a vertidos ilegais, abonos, fertilizantes químicos e outros...

Os principais contaminantes do Aire son debidos a fábricas, transportes, a xeración de enerxía eléctrica e calefacción doméstica, entre outras causas.

Os contaminantes principais nos ríos, mares e augas subterráneas son debidos ao lixo de desfeitos industriais e orgánicos humanos ou animais, é dicir, augas residuais, fecais, das cloacas e augas servidas (saneamento da poboación).

Na actualidade existen tecnoloxías que permiten que os automóbiles funcionen dun xeito mais limpo; tamén hai tecnoloxías que fan que as plantas de enerxía e de electricidade contaminen menos.

Hai algunhas solucións que podemos levar a cabo na nosa vida cotiá que aínda que ás veces sexan insignificantes... se o facemos todos axudará a solucionar o problema do quentamento global:

-Cambiar as lámpadas tradicionais por outras fluorescentes que consumen un 60% menos de electricidade e este simple cambio reducirá a emisión de 140 quilos de dióxido de carbono (CO₂) ó ano.

-Axustando a calefacción e o aire acondicionado, é dicir, poñendo dous graos menos en inverno e dous graos máis no verán ó termóstato. Aforraríamos 900 kilos de CO₂.

-Usar menos auga quente. Ducharnos en vez de bañarnos, lavar a roupa en auga fría ou morna.

-Tender a roupa ó aire libre en lugar de empregar secadoras. Se a secamos co sol a metade do ano, redúcese 320 quilos de CO₂.

-Mercar produtos de papel reciclado. O papel reciclado consume entre 70% e 90% menos de enerxía e así podemos evitar que se sigan a talar máis árbores.



-Mercar alimentos frescos. Producir comida conxelada consume 10 veces máis de enerxía.

-Mercar produtos de cultivo orgánico que absorben e almacenan menos CO₂ que os cultivos das granxas convencionais.

-Evitar mercar produtos con envases pesados. Así tiramos menos lixo e pódense aforrar 540 quilos de CO₂ ó ano.

-Reciclado a metade do lixo dunha familia pódese aforrar 1000 quilos de residuos ó ano.

-Mercar un automóbil de menor consumo (Híbrido ou co biocombustible).

-Non usar tanto o auto, camiñar mais que ademais é moi san.

-Plantar árbores, unha soa árbore elimina 1000 quilos de CO₂ ó longo da súa vida.

-Usar enerxías renovables (eólica, solar...).

É necesario tomar medidas xa, antes de que sexa tarde. Cada ano que pase, o problema do quentamento global será mais difícil de solucionar e dentro de 10 anos podería ser demasiado tarde.

Unidos podemos axudar a solucionar este problema, xa que fomos nós os que o provocamos.

Unha familia emite a atmosfera cinco toneladas de dióxido de carbono ó ano. Ata os alimentos poden axudar ó quentamento global.

O clima sempre variou, o problema do cambio climático é que segue o ritmo destas variacións e acelerouse de xeito anómalo e xa afecta á vida planetaria. Ó buscar a causa deste acontecemento atoparon que existe unha relación entre o quentamento global e o cambio climático.

Un fenómeno preocupa ó mundo: o quentamento global e o cambio climático que ocupa boa parte dos esforzos da comunidade científica para estudalo e controlalo porque pon en risco o futuro da humanidade.

O Protocolo de Kioto é un pacto ó que chegaron os gobernos da conferencia “Mans Unidas” celebrada en Kioto (Xapón) en 1997 para reducir a cantidade de gas efecto invernadoiro emitido pól os países desenvolvidos en un 5,2% respecto ós niveis rexistrados en 1990 durante o período comprendido entre 2008/2012.

Un total de 141 nacións ratificaron o pacto. O antecedente deste protocolo foi a “Cumbre de la Tierra” celebrada en Río de Xaneiro (Brasil) no ano 1992.



No Polo Norte estanse facendo bastantes buratos negros por causa do cambio das temperaturas, do cambio climático e o quecemento global. Miles de animais están quedando sen fogar por culpa disto.

Se non queremos que siga acontecendo temos que intentar non contaminar mais e forrar enerxía pólo noso ben e polo de todos estes seres vivos.

(Isabel Arias.- 5º)


O quecemento global

O quecemento global afecta principalmente á temperatura da atmosfera, á temperatura terrestre e á dos océanos. Os principais compoñentes son o dióxido de carbono e o efecto invernadoiro. Un dos efectos deste é a absorción de emisións infravermellas que fan que suban as temperaturas da terra o que axuda a o quecemento global día a día a desenvolverse máis rapidamente. Axúntanse: 1ª contaminación e 2º o efecto invernadoiro.



O efecto invernadoiro

O efecto invernadoiro ten moitos efectos: a enerxía solar quenta a terra e, segundo aumenta a temperatura, a calor irradíase de nova á atmosfera absorbe unha enerxía infravermella coma a que anteriormente mencionamos.




O quecemento global tamen pon en perigo de extinción a moitos animais

non deixes que o quecemento global estropee a nosa terra. pola terra e por ti tamen.

non deixes que a terra acabe así....
(Tatiana, Cristina, Alba.- 6º)





(Ariadna.- 5 anos)

**Co agradecemento a
tódolos nenos e nenas
que participaron cos
seus traballos:**

**Equipo de
Normalización
Lingüística
Ceip Condessa de
Fenosa
O Barco**